



PROGRAMACIÓN DE SAXOFÓN

PROFESOR : JOSÉ FUNGUEIRIÑO RAMOS

*CONSERVATORIO DE MÚSICA PROFESIONAL DE RIBEIRA ENRIQUE PAISAL
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE SAXOFÓN, CURSO 2025/ 2026*

Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- ORDE do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- CIRCULAR 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- DECRETO 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- ORDE do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- ORDE do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- DECRETO 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas elementais de réxime especial de música. DOG do 25 de outubro de 2007.
- DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- CIRCULAR 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

A franxa de idade do alumnado é para o grao elemental entre os 8 e 14 anos, e un pouco máis ampla no grao profesional, entre os 12 – 60 aproximadamente, aínda que tamén se da algún caso de adultos en grao elemental.

A maioría do alumnado realiza outras actividades extraescolares, predominando os deportes e os idiomas, así como clases de reforzo.

A procedencia do alumnado en xeral céntrase na cidade de Ribeira e pobos aledaños. Só hai casos excepcionais de alumnos/as moi alonxados xeográficamente.

O índice de abandono do centro prodúcese normalmente por incompatibilidade cos estudos de secundaria, ou polo traslado a outros centros debido á proximidade das clases universitarias.

METODOLOXÍA

Pola propia natureza da ensinanza do Saxofón, ao ter unha maior carga de traballo individual, as técnicas de ensinanza serán individuais e activas, e o método a empregar será a autoaprendizaxe guiada, onde o profesor en cada clase orientará e motivará ao alumnado para a busca, procesamento e aplicación da información necesaria, así como a aprendizaxe por proxectos, xa que estes coñecementos que adquirirá poranse en práctica nas metas ou proxectos establecidos, desde a preparación de obras e estudos ata un programa de concerto.

Para dar reposta a todo o anterior, e de xeito xeral, as estratexias metodolóxicas adaptaranse á madurez do alumnado e aos factores contextuais da clase, como son o tempo dispoñible e os espazos e recursos cos que se conte.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Os principios que rixen a elaboración desta programación didáctica dotándoa de coherencia e sentido son:

- **Actividade:** O carácter instrumental da especialidade de percusión require da práctica, polo que o principio de que as cousas se aprenden facéndoas vai implícito na nosa ensinanza.
- **Autonomía:** Cada alumno/a será orientado nas súas clases individuais e nos ensaios colectivos, ensinándolle a traballar de forma independente e a tomar decisións por si mesmo.
- **Creatividade:** Ao tratarse dunha ensinanza artística, toda actividade que realicemos tratará de estimular o pensamento e a imaxinación, buscando conseguir que os nosos alumnos non repitan soamente o que decimos e pedimos.
- **Individualización:** A nosa ensinanza da materia é individual a maior parte do tempo, algo que nos facilita que en cada clase se teña en conta a dimensión persoal e afectivo social de cada alumno ou alumna.
- **Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas:** Co fin de conseguir os obxectivos propostos poderemos realizar as adecuacións que fosen precisas na temporalización dos contidos.

- **Convivencia:** Nos casos en que as actividades da nosa ensinanza requiran de traballo en equipo fomentárase en todo momento un clima de cordialidade e respecto entre o alumnado.
- **Significación:** Esta será unha das vías de motivación que empregaremos, presentando o que se aprende como algo que será útil noutras situacións, que terá aplicación reais.
- **Interdisciplinariedade:** Buscaremos relacionar os contidos da nosa materia cos das outras materias do currículo que cursa o noso alumnado para dotalos dunha maior significación.

MÉTODOS DIDÁCTICOS

Á hora de decidir os métodos didácticos para esta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes enfoques:

- **Modelo constructivista:** Tomando como idea principal que o coñecemento é unha construción persoal na que o/a alumno/a elabora significados propios a partir duns coñecementos previos, a través dunha actividade intelectual e práctica.
- **Aprendizaxe significativa:** Este modelo de aprendizaxe está moi relacionado co constructivista, xa que a adquisición de coñecemento polo alumno realízase construíndo sobre os seus propios esquemas, sumando información sobre a que xa ten, que lle será útil para aplicar noutras situacións.

Para que esto se produza, debemos ter en conta ao longo de toda actividade:

1. a) Que o alumnado teña unha boa actitude, algo que se consegue facéndolle ver que o que están a facer ten sentido, é dicir ten unha razón, unha finalidade, así como fomentando o bo clima de clase, a autoconfianza, etc.
 2. b) Que o que se ensine presente unha estrutura lóxica dentro da materia, enfocando o traballo de forma globalizadora.
- c) Que as novas aprendizaxes se relacionen cos coñecementos previos, é dicir, os contidos deben ter significatividade psicolóxica.
- d) Que sexan conscientes da importancia do estudo individual, fomentando o interese e o respecto polo hábito de estudo e ensinándolles a maneira de que ese tempo sexa eficiente.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A diversidade constitúe un valor que enriquece e diversifica a realidade, esixindo no plano educativo unha maior atención por parte do profesorado.

É un feito que os alumnos que acceden a un conservatorio presentan diferenzas individuais e non todos os alumnos aprenden ao mesmo ritmo nin teñen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características do alumnado.

Para dar resposta á diversidade, desde a clase de percusión teremos en conta as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que plantexen diversas estratexias para o logro dos coñecementos.
- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses dos nenos, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
- Buscar orientación externa, de ser necesario, co propio centro como mediador.
- Respetar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno.
- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
- Plantexar actividades de diferente dificultade e integrar aos alumnos na máis apropiada ao seu nivel.
- Fomentar a pedagogía do éxito, é dicir, valorar os pequenos logros de cada un e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.
- Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos

A atención á diversidade constitúe un indicador moi positivo da saúde do noso sistema educativo, xa que un sistema que tamén intenta dar resposta a todos eses nenos e nenas con deficiencias a nivel persoal e con características cognoscitivas por encima da media, é un sistema educativo cercano ás necesidades reais do educando. Neste sentido a nosa programación didáctica intentará establecer os instrumentos necesarios, en consonancia cos outros documentos do centro, para lograr unha educación musical comprensiva e de calidade.

OBXECTIVOS XERAIS DAS ENSIANZAS MUSICAIS

GRAO ELEMENTAL (DECRETO 198/2007)

O grao elemental das ensinanzas de música ha contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.
- Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.
- Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
- Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
- Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.
- Interpretar música en grupo habituándose a escoltar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmonicamente ao conxunto.
- Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoltarse e ser crítico consigo mesmo.
- Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

GRAO ELEMENTAL - PRIMEIRO CURSO


OBXECTIVOS

O ensino do saxofón no primeiro curso terá como obxectivo principal o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- Adoptar unha posición corporal que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ámbalas mans.
- Controla-la columna de aire (*respiración diafragmática*).
- Controlar e fortalece-los músculos que forman a embocadura (máscara facial), de xeito que posibiliten unha correcta emisión, altura xusta do son (afinación), articulacións, flexibilidade do son, etc.
- Coñecemento das dicitacións elementais.
- Desenvolvemento da psicomotricidade no dominio de elementos que interveñen na interpretación musical.
- Desenvolvemento da capacidade rítmica e auditiva.
- Coñece-las posibilidades e características do instrumento e saber utilizalas (dentro das esixencias do nivel), tanto na interpretación individual como de conxunto.
- Nocións mínimas sobre afinación e calidade do son.
- Dominio de distintas articulacións e matices.
- Identificación auditiva de diferentes sons.
- Lograr unha seguridade técnica (dentro das esixencias do nivel) como base da seguridade interpretativa.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.
- Fomenta-la audición de recitais e concertos en directo e a escoita de música gravada.
- Coñecemento histórico dos feitos máis directamente relacionados co saxofón; inventos, pedagogos, intérpretes, etc.
- Domina-la montaxe do saxofón.
- Coñecer as medidas de hixiene básicas para un bo mantemento do saxofón.

CONTIDOS

- Práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar
- Fortalecemento dos músculos faciais.
- Exercicios de respiración sen e con instrumento, notas tidas, controlando a afinación, a calidade do son, e a dosificación do aire.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade do son.
- Práctica, en negras, de escalas maiores e menores, ata unha alteración, cos seus correspondentes arpexios (tónica, sétima dominante para as escalas maiores e sétima disminuída para as menores), (Pulso=60 aprox.).
- Práctica da escala cromática, tomando como base diferentes sons, (Pulso=60 aprox.).
- Estudo dos matices e articulacións
- Práctica de conxunto con outros instrumentos para desenvolver a afinación, o axuste e a precisión rítmica.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Estudos e obras do repertorio, útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.
- Adolfo Sax: Perfil biográfico; como constructor de instrumentos musicais, como inventor do saxofón; como profesor de saxofón, etc.
- Precusores do saxofón: Mule, Deffayet, Rascher, Sinta, Londeix, Wiedoeft, Ventas, Iturralde, etc...



RECURSOS

Estudos e obras propostas:

- Méthode de saxophone.....Delangle/Bois.....H. Lemoine
- Ventiún miniduetos.....J. Bouvard.....Billaudot
- Saxoforever 1.....J.M. Allermé.....Lemoine
- Coconotes.....J. Naulais.....Billaudot

Ademáis das obras que figuran no programa o profesor ou o alumnado poden propoñer obras de parecida dificultade.

OBXECTIVOS MÍNIMOS E TEMPORALIZACIÓN

1º AVALIACIÓN

- Un mínimo de 5 fragmentos do libro de Delangle/Bois.
- Un estudo de Saxoforever.

2º AVALIACIÓN

- Un mínimo de 5 fragmentos do libro de Delangle/Bois.
- Un estudo de Saxoforever
- Un dúo do libro proposto

3º AVALIACIÓN

- Un mínimo de 5 fragmentos do libro de Delangle/Bois
- Un estudo de Saxoforever
- Obra proposta ou similar
- Práctica de escalas de ata 1 alteración

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (decreto 198/2007)

- Ler textos acordes ao nivel a primeira vista con fluidez e comprensión.
- Memorizar e interpretar pequenos textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido.
- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas.
- Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.
- Asistencia a clase, interés pola materia, Mostra de traballo trimestrais, comportamento na aula e participación nas audicións e concertos así como a consecución da programación.

Procedementos e ferramentas de avaliación

O procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O profesorado valerase das seguintes ferramentas para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento de cada unha das sesións de clase.
- Seguimento do grao de estudo do repertorio na casa.
- Grao de participación e actitude en cada concerto e/ou audición.
- Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquera fragmento do repertorio a petición do profesorado, se fose necesario. Uso de rúbricas (Anexo a esta programación)

Dada a importancia que a observación directa por parte do profesor ten nas ferramentas e procedementos de avaliación, o **profesor/a levará conta destes aspectos por escrito nun caderno de aula** do que será responsable él mesmo co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Procedemento de recuperación ordinario:

No caso de perda da avaliación continua, ben sexa pola non consecución dos obxectivos nalgunha das avaliacións trimestrais ou pola reiterada falta a clase o alumno terá dereito a un exame en maio. Este exame deberá ser solicitado polo alumno con polo menos 1 mes de antelación ó remate do curso escolar ou proposto polo profesor. O día e hora de dito exame será fixado polo profesor así como o repertorio que deberá presentar (acorde co número de avaliacións negativas).

Proba extraordinaria

Aquel alumnado que non superara a materia na avaliación final ordinaria disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma que terá lugar durante a terceira semana do mes de setembro. Nela deberán demostrar o dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia.

Con carácter xeral consistirá nunha única proba que constará de tres partes:

- A. Interpretación dalgúns escalas e/ou arpechos, a elección do profesor, e á velocidade e as características indicadas nos mínimos esixibles de cada curso.
- B. Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para o curso (mínimos esixibles), a elección do profesor. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte serán os seguintes: dominio técnico do instrumento, respecto do texto, corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo.
- C. Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso (tamén poderán ser fragmentos das mesmas), a elección do profesor. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba. Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: dominio técnico do instrumento, respecto do texto, corrección rítmica e da articulación, afinación, sonoridade, dinámica e fraseo.

En calquera caso, para poder acadar unha cualificación positiva nesta proba, o alumno/a deberá presentar para o exame todo o repertorio e exercicios indicados nos mínimos esixibles do curso ou, se así o manifestara o profesor, soamente os non dominados durante o curso e indicados por él no informe de avaliación negativa. **Uso de rúbrica (Anexo a esta programación)**

GRAO ELEMENTAL - SEGUNDO CURSO


OBXECTIVOS

O ensino do saxofón no segundo curso terá como principais obxectivos o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- Adquirir un control suficiente do aire (respiración diafragmática) e dos músculos que forman a embocadura e que posibilitan unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Coñece-lo funcionamento das cañas e a súa posible adaptación para un mellor funcionamento.
- Desenvolvemento da psicomotricidade no dominio dos elementos que interveñen na interpretación musical.
- Enriquece-la capacidade auditiva e rítmica.
- Identificación de diferentes alturas do son.
- Coñece-las características e posibilidades do instrumento e saber utilizalas (dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como do conxunto).
- Traballo da memoria nos seus diferentes tipos.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras dunha dificultade acorde co nivel.
- Lograr unha seguridade técnica (dentro das esixencias do nivel) como base da seguridade interpretativa.
- Fomenta-la participación activa en audicións e concertos.
- Fomenta-la audición de recitais e concertos en directo así como a escoita de música gravada.
- Coñecemento histórico dos feitos máis directamente relacionados co saxofón; inventos, pedagogos, intérpretes, etc...

CONTIDOS

- Prácticas de relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Emisión do son en relación coas diversas dinámicas e alturas.
- Exercicios técnicos para o control e a homoxeneidade dos dedos en diferentes ritmos.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Estudos e obras do repertorio, útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.
- Interpretación de obras ou estudos de memoria.
- Práctica, en negras, de escalas maiores e menores, ata dúas alteracións, cos seus respectivos arpexios (tónica, séptima dominante para as escalas maiores e séptima diminuída para as menores) (Pulso=60).
- Escalas cromáticas en diferentes articulacións e ritmos, tomando como base diferentes alturas (Pulso=60).
- Iniciación o coñecemento das estruturas musicais no seu nivel, para achegar a unha interpretación consciente e non simplemente intuitiva.
- Participación activa en audicións e concertos organizados polo centro.



RECURSOS

Estudios e obras propostas:

- Méthode de saxophone.....Delangle/Bois.....H. Lemoine
- 29 Etudes Progressives Hubert Prati G. Billaudot
- Saxoforever 1.....J.M. Allermé.....Lemoine
- Musique pour rêver.....A. Roizenblat.....Billaudot
- Bagatelle.....M. Perrin.....Combre
- Reves d'EnfantsE. Bozza Leduc

Ademais das obras que figuran no programa o profesor ou o alumno poden propoñer obras de parecida dificultade.

OBXECTIVOS MÍNIMOS E TEMPORALIZACIÓN

1º AVALIACIÓN

- Un mínimo de 6 fragmentos do libro de Delangle/Bois
- Un estudo dos 29 Etudes Progressives
- Unha das obras propostas ou similar
- Práctica de escalas de ata dúas alteracións maiores e menores

2º AVALIACIÓN

- Un mínimo de 6 fragmentos do libro de Delangle/Bois
- Un estudo dos 29 Etudes Progressives
- Un estudo de Saxoforever
- Unha das obras propostas ou similar
- Práctica de escalas de ata dúas alteracións maiores e menores

3º AVALIACIÓN

- Un mínimo de 6 fragmentos do libro de Delangle/Bois
- Un estudo de Saxoforever
- Unha das obras propostas ou similar
- Práctica de escalas de ata dúas alteracións maiores e menores

CRITERIOS DE AVALIACIÓN (decreto 198/2007)

- Ler textos acordes ao nivel a primeira vista con fluidez e comprensión.
- Memorizar e interpretar pequenos textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido.
- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas.
- Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.
- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou das voces.
- Asistencia a clase, interés pola materia, mostras de traballo trimestrais, comportamento na aula e participación nas audicións e concertos así como a consecución da programación.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Realizarase unha avaliación inicial na primeira semana de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Farase una análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- b) Detectarase as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2020/2021.
- c) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

O procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O profesorado valerase das seguintes ferramentas para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento de cada unha das sesións de clase.
- Seguimento do grao de estudo do repertorio na casa.
- Grao de participación e actitude en cada concerto e/ou audición.
- Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquera fragmento do repertorio a petición do profesorado, se fose necesario. **Uso de rúbrica (Anexo a esta programación)**

Dada a importancia que a observación directa por parte do profesor ten nas ferramentas e procedementos de avaliación, o **profesor/a levará conta destes aspectos por escrito nun caderno de aula** do que será responsable él mesmo co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Procedemento de recuperación ordinario:

No caso de perda da avaliación continua, ben sexa pola non consecución dos obxectivos nalguna das avaliacións trimestrais ou pola reiterada falta a clase o alumno terá dereito a un exame en maio. Este exame deberá ser solicitado polo alumno con polo menos 1 mes de antelación ó remate do curso escolar ou proposto polo profesor. O día e hora de dito exame será fixado polo profesor así como o repertorio que deberá presentar (acorde co número de avaliacións negativas).

Proba extraordinaria

Aquel alumnado que non superara a materia na avaliación final ordinaria disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma que terá lugar durante a terceira semana do mes de setembro. Nela deberán demostrar o dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia.

Con carácter xeral consistirá nunha única proba que constará de tres partes:


- A. Interpretación dalgúns escalas e/ou arpeños, a elección do profesor, e á velocidade e as características indicadas nos mínimos esixibles de cada curso.
- B. Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para o curso (mínimos esixibles), a elección do profesor. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte serán os seguintes: dominio técnico do instrumento, respecto do texto, corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo.
- C. Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso (tamén poderán ser fragmentos das mesmas), a elección do profesor. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba. Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: dominio técnico do instrumento, respecto do texto, corrección rítmica e da articulación, afinación, sonoridade, dinámica e fraseo.

En calquera caso, para poder acadar unha cualificación positiva nesta proba, o alumno/a deberá presentar para o exame todo o repertorio e exercicios indicados nos mínimos esixibles do curso ou, se así o manifestara o profesor, soamente os non dominados durante o curso e indicados por él no informe de avaliación negativa. . **Uso de rúbrica (Anexo a esta programación)**

GRAO ELEMENTAL - TERCEIRO CURSO


OBXECTIVOS

O ensino do saxofón no terceiro curso terá como obxectivo principal o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- 
- Controlar e fortalece-los músculos que forman a embocadura (máscara facial) de xeito que posibiliten unha correcta emisión, altura xusta do son (afinación), articulacións e flexibilidade en diferentes rexistros.
 - Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento contínuo da calidade sonora.
 - Emitir un son estable en toda a extensión do instrumento.
 - Desenvolvemento da psicomotricidade no dominio dos elementos que interveñen na interpretación musical.
 - Lograr unha seguridade técnica (dentro das esixencias do nivel) como base da seguridade interpretativa.
 - Coñecemento elemental de dixitacións especiais.
 - Traballo da memoria nos seus distintos tipos (acústica, gráfica, motriz, topográfica, reflexiva, etc.).
 - Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade, acorde con este nivel.
 - Fomenta-la participación activa en audicións e concertos.
 - Fomenta-la audición de recitais e concertos en directo así como a escoita de música gravada.

CONTIDOS

- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva.
- Desenvolvemento da flexibilidade nos saltos, articulacións, etc.
- Práctica de conxunto con outros instrumentos para desenvolve-la afinación, o axuste e a precisión rítmica.
- Entrenamento progresivo da memoria.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Lectura a primeira vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- Iniciación ó coñecemento das estruturas musicais nos seus distintos niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, textura, etc.)
- Estudos e obras do repertorio, útiles para o desenvolvemento do conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.
- Práctica, en negras e corcheas de escalas maiores e menores cos seus arpexios, (tónica, sétima dominante e sétima diminuída). Ata tres alteracións. (Pulso=60).
- Escala cromáticas en diferentes ritmos a articulacións, tomando como base diferentes alturas.
- Participación activa en audicións e concertos organizados polo centro



RECURSOS

Estudos e obras propostas:

- Méthode de saxophone (vol.2).....Delangle/Bois.....H. Lemoine
- 17 Etudes Faciles et Progressives.....H. Prati.....Billaudot
- 50 Etudes Fáciles et Progressives (Vol, 1)Guy Lacour Billaudot

Mib

- Saxophonísimo J. Dervaux Billaudot
- Gavote des DamoisellesE. Bozza Leduc
- Aria.....J. Ibert.....Leduc
- Cinco Piezas Faciles.....J. Absil (mib-sib) Lemoine


Sib

- Melopec.....J. Ibert.....Lemoine
- Serenate Variee.....R. Clerisse.....Leduc
- Canción Modal.....G. Lacour.....Billaudot

Duos

- Selected Duets.....H. Voxman.....Hal Leonard

Ademais das obras que figuran no programa o profesor ou o alumno poden propoñer obras de parecida dificultade.



OBXECTIVOS MÍNIMOS E TEMPORALIZACIÓN

1º AVALIACIÓN


- Un mínimo de 4 fragmentos do libro de Delangle/Bois.
- Un estudo dos 17 Etudes Faciles et Progressives
- Un estudo de 50 Etudes Fáciles et Progressives (Vol, 1)
- Unha das obras propostas ou similar
- Práctica de escalas de ata tres alteracións maiores e menores

2º AVALIACIÓN

- Un mínimo de 4 fragmentos do libro de Delangle/Bois
- Un estudo dos 17 Etudes Faciles et Progressives
- Un estudo de 50 Etudes Fáciles et Progressives (Vol, 1)
- Unha das obras propostas ou similar
- Práctica de escalas de ata tres alteracións maiores e menores.

3º AVALIACIÓN

- Un mínimo de 4 fragmentos do libro de Delangle/Bois
- Un estudo dos 17 Etudes Faciles et Progressives
- Un estudo de 50 Etudes Fáciles et Progressives (Vol, 1)
- Unha das obras propostas ou similar
- Práctica de escalas de ata tres alteracións maiores e menores



CRITERIOS DE AVALIACIÓN (decreto 198/2007)

- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido.
- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas.
- Amosar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.
- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar, ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou das voces.
- Asistencia a clase, interés pola materia, mostras de traballo trimestrais, comportamento na aula e participación nas audicións e concertos así como a consecución da programación.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Realizarase unha avaliación inicial na primeira semana de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Farase una análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- b) Detectarase as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2020/2021.
- c) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

O procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O profesorado valerase das seguintes ferramentas para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento de cada unha das sesións de clase.
- Seguimento do grao de estudo do repertorio na casa.
- Grao de participación e actitude en cada concerto e/ou audición.
- Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquera fragmento do repertorio a petición do profesorado, se fose necesario. . **Uso de rúbrica (Anexo a esta programación)**

Dada a importancia que a observación directa por parte do profesor ten nas ferramentas e procedementos de avaliación, o **profesor/a levará conta destes aspectos por escrito nun**

caderno de aula do que será responsable él mesmo co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Procedemento de recuperación ordinario:

No caso de perda da avaliación continua, ben sexa pola non consecución dos obxectivos nalguna das avaliacións trimestrais ou pola reiterada falta a clase o alumno terá dereito a un exame en maio. Este exame deberá ser solicitalo polo alumno con polo menos 1 mes de antelación ó remate do curso escolar ou proposto polo profesor. O día e hora de dito exame será fixado polo profesor así como o repertorio que deberá presentar (acorde co número de avaliacións negativas).

Proba extraordinaria de xuño

Aquel alumnado que non superara a materia no mes de maio disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma que terá lugar durante a terceira semana do mes de setembro. Nela deberán demostrar o dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia.

Con carácter xeral consistirá nunha única proba que constará de tres partes:


- A. Interpretación dalgúns escalas e/ou arpxos, a elección do profesor, e á velocidade e as características indicadas nos mínimos esixibles de cada curso.
- B. Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para o curso (mínimos esixibles), a elección do profesor. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte serán os seguintes: dominio técnico do instrumento, respecto do texto, corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo.
- C. Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso (tamén poderán ser fragmentos das mesmas), a elección do profesor. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba. Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: dominio técnico do instrumento, respecto do texto, corrección rítmica e da articulación, afinación, sonoridade, dinámica e fraseo.

En calquera caso, para poder acadar unha cualificación positiva nesta proba, o alumno/a deberá presentar para o exame todo o repertorio e exercicios indicados nos mínimos esixibles do curso ou, se así o manifestara o profesor, soamente os non dominados durante o curso e indicados por él no informe de avaliación negativa. . **Uso de rúbrica (Anexo a esta programación)**

GRAO ELEMENTAL - CUARTO CURSO


OBXECTIVOS

O ensino do saxofón no cuarto curso terá como obxectivo principal o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- 
- Desenvolve-la capacidade auditiva e rítmica.
 - Coñecemento de duatés para rectifica-la afinación.
 - Práctica elemental dos adornos.
 - Coñecemento de dicitacións especiais en pasaxes de axilidade, variación tímbrica, modificación de altura, etc.
 - Traballo da memoria nos seus distintos tipos (acústica, gráfica, motriz, topográfica, reflexiva, etc).
 - Emitir un son estable, en toda a extensión do instrumento empezando a utiliza-lo vibrato para dar cor e expresión á interpretación musical.
 - Lograr unha seguridade técnica (dentro das esixencias do nivel como base da seguridade interpretativa.
 - Coñece-las características e posibilidades sonoras do instrumento, tanto na interpretación individual como de conxunto.
 - Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde co nivel.
 - Fomenta-la participación activa en audicións e concertos.
 - Fomenta-la audición de recitais e concertos en directo así como a escoita de música gravada.

CONTIDOS

- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade do son.
- Entrenamento permanente e progresivo da memoria.
- Iniciación á práctica do vibrato nos seus distintos tipos.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus distintos niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, texturas, etc.).
- Práctica de conxunto con outros instrumentos para desenvolve-la afinación, o axuste e a precisión rítmica.
- Desenvolvemento da flexibilidade nos saltos, articulacións, trinos, etc.
- Lectura a 1ª vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- Estudo de obras de repertorio, útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.
- Práctica, en negras e corcheas, das escalas diatónicas ata alteracións, cos seus respectivos arpexios, tónica, sétima dominante e sétima disminuída. (Pulso=72.)
- Dixitacións especiais



Recursos

Estudos e obras propostas:

- Quinze petites pieces en forme détudes.....Meriot.....Combre
- 50 Etudes Fáciles et Progressives (Vol, 2)Guy Lacour Billaudot

Mib

- AriaE. Bozza.....Leduc
- Baghira Ferrer FerránRivera Música
